



Instrucións para o rexistro na plataforma online de Abertal para o asociamento e inscricións en actividades.

Antes de nada, indicar que se o que queremos é inscribir a menores de idade o noso cargo, a primeira persoa en rexistrarse debera ser un dos adultos responsables, e unha vez creada a conta dende o noso panel de usuario, poderanse engadir os destinatarios menores e invitar a unirse a nosa familia a outros adultos destinatarios e a outros titores da nosa familia.

ATENCIÓN: Se xa estabas inscrito o curso pasado deberás indicar o mesmo enderezo de correo electrónico que nos indicaches o curso pasado, en caso contrario dará un erro ata que introduzas o mesmo correo electrónico, se non lembras que correo electrónico utilizaches podes porte en contacto con nos en axudaplataforma@abertal.org e trataremos de solucionalo.


PASOS A SEGUIR:

- 1- Nun primeiro lugar debemos dirixirnos á seguinte páxina web: plataforma.abertal.org
- 2- Unha vez nesa páxina web como aínda non temos usuario e contrasinal imos a sección, “Aínda non te rexistraches?” Seleccionamos “**Rexistrarse**” e na pantalla que se nos abre teremos que introducir o noso DNI e un correo electrónico.

<p>¿Xa estás rexistrado? Identifícate para continuar.</p> <p>Nome de usuario <input type="text"/></p> <p>Contrasinal <input type="password"/></p> <p>Ingresar</p> <p>¿Olvidaches o contrasinal? Pedir restablecemento de contrasinal</p> <p>¿Aínda non te rexistraches? Rexistrarse</p>	<p>1</p>	<p>Rexistrarse</p> <p>Emprega este formulario para rexistrarse na nosa plataforma e xestionar as inscricións e os socios.</p> <p>Ten en cota que so podes entrar se eres maior de idade. Os menores de idade da tua familia os poderás xestionar dende a túa conta.</p> <p>2</p> <p>Documento de identidade <input type="text"/></p> <p>Dirección de correo electrónico <input type="text"/></p> <p>Rexistrarse Voltar</p>
---	-----------------	--

- 3- Unha vez introducidos os dous datos correctamente chegaranos un e-mail cun enlace para rexistrarnos e elixir un contrasinal para a nosa conta. O nome de usuario da nosa conta sempre será o DNI coa letra en maiúscula.

Contraseña restablecida en xestion.abertal.org [▶](#) [Recibidos x](#)

 **no-responder@abertal.org**
para mí ▾

Ha recibido este correo electrónico porque ha solicitado restablecer la contraseña para su cuenta en xestion.abertal.org.

Por favor, vaya a la página siguiente y escoja una nueva contraseña.

<https://xestion.abertal.org/w/accounts/reset/MTA/...> 


Su nombre de usuario, en caso de haberlo olvidado: 99999999A

¡Gracias por usar nuestro sitio!

El equipo de xestion.abertal.org



- 4- Unha vez esteamos xa dentro da nosa conta, se somos novos usuarios, poderemos comezar a encher os nosos datos persoais na sección “**A miña ficha**”. Se xa os tiñades cubertos no curso 2018-2019 xa vos aparecerán os vosos datos.



FAMILIA

- A miña ficha**
- Destinatarios menores
- Outros membros
- Invitacións

INSCRICIÓNS

- Socios/as
- Actividades

Editar a miña ficha

Datos persoais

Unha vez creada a ficha estes datos non se poden modificar.

Nome	Nome
Apelidos	Apellido1 Apellido 2
Data de nacemento	31/01/1979
Consentimento RGPD	Concedido
Dereitos de imaxen	Concedido


Documento de identidade

Documento de identidade	99999999A
--------------------------------	-----------

A fotocopia do documento de identidade é obrigatoria para os títulos que inscriben aos menores.

Copia DNI (anverso)	<input checked="" type="checkbox"/> Correcto
Copia DNI (reverso)	<input checked="" type="checkbox"/> Correcto

- 5- Se os temos, tamén podemos ir engadindo os nosos **destinatarios menores** dende a sección co mesmo nome. Se xa estaba inscrito no curso 2018-2019 poderás ver como xa están engadidos os vosos destinatarios menores.



FAMILIA

- A miña ficha
- Destinatarios menores**
- Outros membros
- Invitacións


INSCRICIÓNS

- Socios/as
- Actividades

Destinatarios menores



- 6- Unha vez engadidos todos os destinatarios menores de idade podemos rexistrar a outras persoas maiores de idade da nosa familia a través da sección “Outros membros” e dende alí poderemos invitar a novos Titores e a outros destinatarios maiores de idade (fillos/as maiores...) **Pedirásenos o seu e-mail e serán elas mesmas mediante un enlace que lles chegará ó correo electrónico as que terán que asociarse.**



FAMILIA

- A miña ficha
- Destinatarios menores
- Outros membros**
- Invitacións

INSCRICIÓN

- Socios/as
- Actividades

Outros membros da familia

Engadir titor

Se xa diches de alta algún destinatario menor de idade, podes agora engadir titores.

Invitar a un novo titor

Engadir destinatario maior de idade

Os maiores de idade xestionan as inscricións en actividade por si mesmos. Invítalos dende aquí para que sexan socios/as da mesma familia.

Invitar a un novo destinatario maior de idade


FACERSE SOCIO/A: (NON É O MESMO QUE INSCRIBIRSE NA ACTIVIDADE)

ATENCIÓN: Este paso so serve para asociarnos, NON serve para inscribir aos nosos/as fillos/as nas actividades (Saltimbanquis, Andaina, ADS, Catecumenado...)

Se o que queremos é asociarnos, debemos ir a sección “Socios/as” e dende alí, se xa temos os datos mínimos requiridos, poderemos facer a solicitude de asociamento, que se completará unha vez se efectúe o pago nas oficinas de abertal.

Se asociamos a máis dun membro da familia automaticamente asociaranse mediante unha única cota familiar.

Se só queredes facer socio/a individual ao voso/a fillo/a só debedes de seleccionar como socio/a ao voso/a fillo/a, xa que se tamén vos asociades os pais/nais agruparásenos nunha cota familiar.



FAMILIA

- A miña ficha
- Destinatarios menores
- Outros membros
- Invitacións

INSCRICIÓN

- Socios/as**
- Actividades

Solicitud de alta como persona socia

Selecciona da lista de usuarios aquelas persoas que queiras facer solicitude de socias.

No caso de seleccionar máis de una persoa, agruparanse nunha única cuota familiar. Consulta o resto de modalidades o final de esta páxina.

O proceso de alta de persoas socias remata co pago da cota nas oficinas de Abertal. Sen o pago no se é persoa socia de pleno dereito.

Usuarios na miña conta

Nome Apellido1 Apellido2 99999999A 19 anos Ficha 🔍	<input checked="" type="checkbox"/> Selecciona Ecolle unha modalidade ▼
---	--

CONFIRMAR

Modalidades

INDIVIDUAL


Socio/a Infantil: 30€ por curso (de 0 a 14 anos) Dereitos: Participar nas actividades e nos campamentos, descontos en excursións e no cine. Seleccións



INSCRICIÓN EN MOVEMENTOS E ACTIVIDADES (Saltimanquis, Andaina, ADS, Catecumenado...):

ATENCIÓN: Este paso é obrigatorio se participamos en algunha actividade de Abertal, independentemente de se nos facemos socios/as ou non. **Facer este paso é o que autoriza a participar na actividade e o que vos inclúe na lista de correo electrónico para que vos cheguen os avisos por email.**

Por último se o que queremos e inscribirnos en algunha das actividades de abertal ou inscribir aos nosos fillos nas actividades de Abertal, debemos dirixirnos a sección “**Actividades**” e dende alí inscribilos nas actividades nas que están ou estas participando.



The screenshot shows the 'Inscripción en actividades' page. On the left, under 'FAMILIA', the 'Actividades' link is highlighted with a red arrow labeled '1'. The main form area contains a table with the following data:

Nome	Apellidos1	Apellidos2	
99999999A			<input checked="" type="checkbox"/> Selecciona
19 anos			Escolle unha actividad <input type="text"/>
Ficha			

Red arrows indicate the following steps: '2' points to the 'Selecciona' checkbox, '3' points to the 'Escolle unha actividad' dropdown menu, and '4' points to the 'CONFIRMAR' button.

Para calquera dúbida podes porte en contacto con nos por correo electrónico en: axudaplataforma@abertal.org

Un saúdo, O Equipo Coordinador de Abertal